

VIGO - Pontevedra

Galicia

Senda Panorámica de Vigo

Presentación

A recuperación de antigos camiños, a historia, a cultura, o rural... son as fontes dun sendeiro que nos invita a coñecer, amar e a conservar o noso contorno.

A "Senda Panorámica de Vigo" é a máis longa de todas as rutas homologadas que recorren o municipio de Vigo. Caracterízase polo suave relevo e é accesible a todo tipo de camiñantes. Ademais, circunvala a cidade a través dos seus montes, constituíndo un miradoiro natural de valor excepcional.

Agárdanos un percorrido repleto de contrastes. Ademais de zonas verdes, descubriremos once dos doce parques forestais da cidade, o único zoolóxico de Galicia, restos arqueolóxicos, construcións modernas e antigas estruturas que coas ermidas zumegan lenda e espiritualidade.

Mediante o sendarismo descubrimos o noso contorno, o que levamos ao lado, e a nós mesmos, e como todos sabemos a natureza máis accesible é a máis vulnerable e a que máis coidados precisa. Coñecela é fundamental para facer un uso responsable do noso patrimonio natural.

Déixate seducir polos segredos que garda o Vigo menos coñecido!

Información xeral

LONXITUDE: 39,9 Km o GR 53, 8,1 Km a variante GR 53.1 e 10,2 Km a variante GR 53.2.

DURACIÓN ESTIMADA: 17 h.

DIFICULTADE: Media en xeral.

CONEXIÓNS: Co PR-G 1, 2, 5, 9 e o GR 58 e 94.

ACCESOS: Os puntos de partida poden ser a Igrexa de Saiáns ou a Madroa, aínda que existen outros accesos ao longo de todo o seu percorrido, especialmente os parques forestais do municipio.

CARTOGRAFÍA IGN 1:25.000: Nº 223-II Redondela, 223-III Vigo, 223-IV Mos, 261-I Tui e 261-II O Porriño.

MÁIS INFORMACIÓN: Federación Galega de Montañismo, r/ Luis Ksado nº 17, CP 36209, VIGO (Pontevedra) - Tfno. 986 20 87 58

Oficina de Turismo do Concello de Vigo, r/ Teófilo Llorente nº 5, CP 36201, VIGO (Pontevedra) - Tfno. 986 22 47 57
Correo electrónico: turismo.apedra@vigo.org

Clasificación das sendas

Gran percorrido (GR): son aquelas que se estenden, como mínimo, nunha lonxitude de 50 Km.

Pequeno percorrido (PR): son aquelas sendas de Galicia que non superan os 50 Km.

Así mesmo, dentro dos percorridos de sendarismo poden, á súa vez, distinguirse as seguintes modalidades:

Derivacións: aqueles percorridos que se separan dunha senda para acadar un punto determinado (cumio de montaña, poboación, estación, refuxio, etc.), de forma que, para retornar ao itinerario principal, cómpre desandar o camiño.

Variantes: son aqueles percorridos que saen dun GR ou dun PR-G para retornar a el noutro punto diferente. A súa denominación é a mesma con outro número a continuación (Ex: GR 53.1).



TREITO I: SAIÁNS - A PASAXE (Polígono Industrial de Zamáns)

Accesos: A través da estrada Vigo-Baiona (PO-552) ou da Avenida Ricardo Mella (PO-325) podemos enlazar coa rúa Baixada á Praia que nos achega até a Igrexa de San Xurxo en Saiáns.

Lonxitude: 15 Km o treito principal e 8,1 Km a variante GR 53.1.

Duración estimada: 5 horas para o treito principal e 3 horas 45 minutos no caso da variante.

Dificultade: Media-alta.

Percorrido: Igrexa de Saiáns, Parque Forestal de Saiáns, Parque Forestal de Oia, Parque Forestal de Coruxo, Parque Forestal do Monte dos Pozos, Monte Alba e ermida, Alto do Cepudo e parque forestal, A Pasaxe (Vincios). Variante I: Parque Forestal de Coruxo, Miradoiro de Outeiros, castro e muíños de Chandebrito e Alto de Canabal.

Comezamos a ruta na Igrexa de Saiáns, dende onde podemos contemplar unha fermosa vista da entrada da rúa, Monteferro, as Illas Cíes e Cabo Home.

Dirixímonos cara á estrada PO-552, onde encontraremos sinalizada a Aula Municipal de Etnografía, encargada de divulgar o patrimonio histórico, tradicional e cultural do noso municipio.

Tras cruzar a PO-552 ascendemos pola estrada de Cal de Outeiro, desde a que nos desviaremos á man esquerda para continuar unha pista que nos leva ao Parque Forestal (PF) de Saiáns, onde poderemos gozar da súa área recreativa.

Se continuamos o camiño, a pouca distancia á dereita, encontraremos a primeira variante do GR 53.1, que nos levará polo PF de Coruxo ao miradoiro de Outeiros e a Chandebrito (Nigrán). Neste punto do carreiro poderemos ver un castro así como diversos elementos do patrimonio etnográfico e cultural presente na zona. Esta variante únese coa senda principal, cerca do PF de Q Cepudo, tras pasar o alto do Canabal e percorrer 8,1 Km.

O trazado principal transcorre polo PF de Oia, que deixamos á man esquerda, mentres camiñamos por unha pista de suave pendente que nos leva, entre fermosas vistas da ría, até a parroquia de Coruxo.

Chegamos agora a un treito de estrada que nos leva, a poucos metros á dereita, por unha sinuosa senda, que nos conducirá até os Petróglifos de Fragoselo, valiosos gravados rupestres da Idade de Bronce.

Proseguimos a senda descendendo cara o río Barxa (Fragoselo) e, tras superalo, volvemos a ascender por treitos de estrada, vieiros e pistas que nos levarán cara ao PF do Monte dos Pozos.

En continuo ascenso diriximos o paso cara ao Monte Alba e Alto do Cepudo, lugares dende onde poderemos deleitarnos cunhas magníficas panorámicas da ría.

Deixamos atrás estes miradoiros naturais e iniciamos o descenso por unha pista que nos leva até unha encrucillada onde poderemos enlazar coa variante GR 53.1 ou ben proseguir o camiño cara ao lugar da Pasaxe (Vincios); primeiro por pistas forestais con elevada pendente e, posteriormente, por estradas.

TREITO II: A PASAXE - PUXEIRO

Accesos: A través da PO-331 (O Porriño-Gondomar) ou da PO-2603 no Alto de Puxeiros (Mos)

Lonxitude: Sobre 14 Km o tramo principal e 10 Km a variante GR 53.2.

Duración estimada: 5 horas o tramo principal e 3 ¼ horas a variante.

Dificultade: Media - baixa no tramo principal e media - alta na variante.

Percorrido: Presa de A Garrida, Fraga, Río Zamáns, Casa Muíño das Maquias, Presa de Zamáns, CUVI, Parque Forestal de Beade, CUVI, Pedra da Cruz, Dolmen do Mercantil e Alto de Puxeiros. Variante II: Fraga, Base do Galiñeiro, Coto do Mediodía, Casal de Abalde, Parque Forestal de Zamáns, Cidáns e Pedra da Cruz.

Tras pasar polo polígono industrial da Pasaxe (Gondomar), continuamos pola estrada PO-331, que debemos cruzar para xirar á man esquerda. Iniciaremos un ascenso por unha estrada con forte pendente que se vai suavizando progresivamente até chegar ao lugar de Fraga.

Nesta zona poderemos tomar a variante GR 53.2 á man dereita, que nos conduce por sendas, algunhas de forte pendente, cara á Serra do Galiñeiro, onde pasaremos polo punto de maior altitude do percorrido, de 550 m. Seguimos en dirección ao PF de Zamáns, lugar desde onde descendemos para subir outra vez en dirección á Pedra da Cruz, punto no que enlazamos coa senda principal.

Avanzamos no tramo principal por unha estrada que nos desvía por unha pista, paralela á AG-57, e que nos leva ate o Muíño das Maquias e ao encoro de Zamáns. Destaca a existencia dunha vexetación de ribeira relativamente ben conservada.

Proseguimos o itinerario para volver cruzar a PO-331 e dirixirnos por unha zona que discorre estre pistas e vieiros en dirección ao Campus Universitario (CUVI), destacable pola súa moderna arquitectura. Tras cruzar a estrada de circunvalación do CUVI continuamos, por unha serie de pistas anchas, cara ao PF de Beade onde a súa panorámica da Ría de Vigo é un regalo para a vista. Neste punto poderemos enlazar co PR-G 5.



Seguimos o traxecto até Pedra da Cruz. Antes de chegar a este alto pasamos ao carón do cinto do CUVI, cruzaremos a Estrada das Plantas e subiremos por un carreiro empinado cara ao alto.

A poucos metros atopamos a derivación do GR 53.2 á dereita; ou ben, se continuamos pola esquerda, seguimos o trazado principal en dirección ao Dolmen situado no Círculo do Mercantil de Vigo.

Continuamos a ruta polo treito principal, encontrando unha baixada que nos leva por detrás das instalacións do Mercantil, onde poderemos ver un dolmen bastante ben conservado.

Facemos camiño entre pistas que transcorren polos lindes dos municipios de Mos e Vigo até acceder a unha estrada que cruza por riba da AP-9, tras a que xiraremos cara á esquerda para subir ao PF de Cabral.

Unha vez deixado atrás o parque forestal, dirixímonos á man dereita cara ao Alto de Puxeiros, previamente pasamos por O Rebullón.

TREITO III: PUXEIRO - A MADROA

Accesos: Podemos acceder a través da PO-2603 no Alto de Puxeiros, ou ben dende a Subida á Madroa ou Rúa Areeiro.

Lonxitude: Algo menos de 11 Km.

Duración estimada: 3 horas e media.

Dificultade: Media - baixa.

Percorrido: Alto de Puxeiros, Parque Forestal de Cotogrande, IFEVI, Aeroporto, Aeroclub, Parque Forestal de Carballal, Parque Forestal do Vixiador, Coto Ferreira, Parque das Ciencias da Madroa, Parque Forestal da Madroa.

Pasamos o Alto de Puxeiros (Mos) e dirixímonos por estrada e logo por unha pista forestal até o PF de Cotogrande, lugar onde poderemos parar e deleitarnos co contorno.

Iniciamos o ascenso cara ás Laxes (á esquerda existe un depósito de auga), dende aquí seguimos ruta pasando ao carón do IFEVI, dende onde novamente iremos por estrada paralelos ao Aeroporto de Peinador.

Nesta zona encontraremos unha fonte e un muíño restaurados.

Continuamos por unha senda entre salgueiros e amieiros até a Avda. do Aeroporto, que cruzaremos en dirección ao Aeroclub. Sen chegar a el, xiramos á esquerda por un camiño cementado, atravesamos a N-555 seguindo o camiño en dirección ao PF do Carballal.

Tras pasar o parque, continuamos de fronte ao chegar á encrucillada e un pouco máis adiante xiramos á dereita, iniciando o ascenso por unha pista até o PF do Vixiador, lugar onde poderemos descansar.

Enlazamos un treito asfaltado, tras pasar a cafetaría do parque, xiramos á dereita para continuar uns metros e xirar á esquerda.

Continuamos por unha pista forestal que nos leva até o Couto de Ferreira, lugar onde encontraremos a encrucillada co GR 94. Seguimos á esquerda para descender, paralelos ao tendido de alta tensión, até chegar ao cemiterio de Candeán, lugar onde hai numerosos restos arqueolóxicos (Dolmens).

Tomamos a estrada na encrucillada e continuamos rectos; pasamos ao carón da Canceira Municipal seguimos até chegar ao Parque das Ciencias da Madroa (zoolóxico), para finalmente terminar no PF de Teis; punto final ou inicial da senda.

Nesta zona poderemos subir ao miradoiro da Madroa, coñecer os numerosos restos arqueolóxicos existentes e gozar dunha magnífica vista da ría.



Homologado por:



Concello de Vigo

Concellaría de Medio Ambiente




novocontorno © 2007

3ª revisión Colaboración textos - Pilar Ciges e Soledad García


SENDA PANORÁMICA DE VIGO

GR 53


Perfil do GR 53





Perfil do GR 53.1



Perfil do GR 53.2



Sinalización das sendas



Líñas de autobuses urbanos	
CC	Beade - Praza Elíptica
C7	Zamáns - Praza de España
8	Universidade - Porto - Areal
C9A	Peinador - Praza de América
C9B	Candeán - Praza de América
10	Cemiterio de Teis - Canido - Saiáns
12A	H. Meixoeiro - Muíños - Coruxo - Saiáns
15C	Universidade - Samil
28	Negros - Berbés
29	Fragoselo - Praza de España

Máis información VITRASA, Tlf: 986 29 16 00



LEENDA

Altura (m)	
700	Aeroporto
650	Concello
600	Castro
550	Contedor lixo/reciclaxe
500	Concatedral
450	Alto
400	Dolmen
350	Ermida
300	Estación de autobuses
250	Estación de tren
200	Fonte
150	Hospital
100	Igrexa
50	Información turística
0	Lavadoiro
	Miradoiro
	Muíño
	Bus Parada bus urbano
	Parque forestal
	Parroquia
	Petroglifos